

CONCELLO DE SANTIAGO  
SECRETARIA DO PLENO

Date: 28 AGO. 2015

ENTRADA

Hora: 19:59 Núm.: 106

Grupo Municipal Popular  
Santiago de Compostela

Pepo

pto 7

## PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOBRE A COLABORACIÓN DO CONCELLO PARA FACILITAR AS VISITAS A EDIFICIOS DE CARÁCTER HISTÓRICO E CULTURAL

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte Proposición:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS


Hai escasos días, os medios informativos facíanse eco da postura do Goberno en relación coa posibilidade de ter algunha participación na ampliación dos horarios de visita de certos monumentos de interese cultural e turístico que, pola falta de persoal para ese fin, apenas poden ser coñecidos no seu interior, tanto pola veciñanza como pola inmensa maioría das persoas que visitan a cidade.

Tendo en conta que se trata de edificios e instalacións, como a Colexiata de Sar ou varios conventos da cidade histórica, que atesouran valiosas mostras de arte, en cuxo mantemento e recuperación mesmo participou o propio Concello a través do Consorcio da Cidade, e que se trata dunha medida que, sen dúbida, vai redundar nun incremento do poder de atracción turístico e cultural da cidade, formúlase o seguinte

### ACORDO:

***O Pleno insta ao Goberno municipal a que promova unha liña de colaboración coa Xunta de Galicia e coas entidades titulares daqueles edificios de carácter histórico e cultural que teñan limitacións no horario de visitas ao seu interior, na procura dunha medida que poida facilitar o acceso público e a posta en valor dese patrimonio.***

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2015



Agustín Hernández  
Portavoz do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela

